

INFORME ARQUEOLÓXICO PREVIO

Desde o punto de vista arqueolóxico, a obra ubícase na Avda. Castelao. Ésta discorre en dirección norte-sur desde a rúa da Porteliña ata o Curro da Praza, case en liña recta e bordeando o mar e parte das infraestruturas portuarias, o que a fai o principal eixo vertebrador da vila, tanto para peóns coma para vehículos.

Segundo os datos que se posúen, esta parte de Muros configurouse na ampliación urbana extramuros onde se estableceron pescadores, artesáns e mercaderes nos inicios do s. XVI. A parte na que se localiza a obra accedía á ría antes dos recheos de inicios do s. XX e nos edificios e baixo os seus soportais realizábanse actividades relacionadas tanto co mundo da pesca e da transformación do peixe, coma do resto dos sectores económicos e sociais da Vila.

Respecto do edificio do Cine París, ergueuse nos anos 20 do século pasado, adiantando a súa fachada 10 metros respecto da aliñación tradicional das edificacións que accedían á praia. A configuración actual da Avenida de Castelao completouse cos recheos das súas beirarúas e os sucesivos asfaltados da estrada que atravesa a Vila.

A parcela atópase ordenada dentro das Formación Lineais Históricas e regulada na ordenanza específica. Está dentro da área cautelada coma de grao I no Plano Especial. O edificio é un elemento catalogado coma de nivel 2 (edificios de características singulares e de elevado valor arquitectónico, histórico e cultural).

Ademais de outros elementos, o Ficheiro de Unidades Edificatorias do PEPCHA salienta coma de singular valor o seu soportal e outras pezas de cantería excepcionais, cornixas con relevos de morteiro con motivos modernistas, carpinterías interiores e o seu palco.

Normativa legal e de protección arqueolóxica aplicable

Orde 14/05/1991, Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincia da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; Decreto 199/1997, do 10 de Xullo, que regula a actividade arqueolóxica en Galicia; Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia; e Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico Artístico de Muros (PEPCHA) de 24 de xuño do 2009.

Conclusións

Segundo a cautela grao I do PEPCHA, de contemplar o proxecto construtivo a remoción do subsolo, a apertura de gabias e outros elementos que poden destruír restos arqueolóxicos, deberán realizarse sondaxes valorativas (art. 161) en cantidade suficiente para poder avaliar a existencia ou non de potencial arqueolóxico e localizadas naqueles lugares máis afectados polas remocións.

Vista a documentación histórica e arqueolóxica existente relativa ao contorno da parcela, cabe salientar, sen descartar a aparición doutro tipo de vestixio arqueolóxico, a posibilidade de que no subsolo desta aparezan restos vencellados a procesos de transformación do peixe das Idades Moderna e Contemporánea. Así, foron documentados píos de salazón e enlousados asociados a eles -en distintas intervencións de sondaxes arqueolóxicas levadas a cabo desde a entrada en vigor do PEPCHA- na Avenida de Castelao ou en rúas próximas, sendo os máis cercanos os ubicados no nº 93 desta avenida. As directrices da Oficina de Arqueoloxía do Concello de Muros e o Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia apuntan cara a conservación e, de ser posible, a reintegración ou aproveitamento destes elementos no proxecto construtivo.

Considerando a propiedade pública e a finalidade do edificio, no caso de ser precisa a realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas e de ser estas positivas, interesaría, non solo desde o punto de vista patrimonial e cultural senón tamén social, que os píos e as estruturas asociadas se integrasen no proxecto construtivo. Isto redundará na función sociocultural á que se destinará o antigo Cine París e tamén exemplificaría como se poden integrar elementos patrimoniais na reforma-rehabilitación das vivendas ou locais da Vila.

Muros, febreiro de 2011